



FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire a Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, a Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no artigo 113 define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constituán, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A resolución do 20 de xuño de 2013 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 5 de xuño de 2013 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fin lucrativas.

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.321	91
Fundación Pública Centro de Transfusión	23.736	104
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	6.456	4.991
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	1.415	
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	48.092	651
Instituto Galego de Medicina Xenómica	2.946	76
Fundación Galicia Europa	633	1
Fundación Autonomía Persoal e Dependencia	856	
Fundación Semana Verde de Galicia	2.067	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	789	0
Fundación Centro Supercomputación de Galicia	1.799	1.788
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	208	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	506	
Instituto Feiral de A Coruña	388	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	1.314	49
Fundación Rof Codina	1.508	41
Fundación Deporte Galego	3.390	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	3.547	
Fundación Galega Formación para o Traballo	425	
Fundación Camilo José Cela	310	3
Total	101.707	7.804

(Miles de Euros)